



**REQUISITOS PARA A OBTENCIÓN DOS CERTIFICADOS ACREDITATIVOS  
DA COMPETENCIA QUE SOLICITA**

As persoas solicitantes deberán cumprir os requisitos establecidos no anexo I do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro.

**1. CERTIFICADO ACREDITATIVO DA COMPETENCIA PARA A MANIPULACIÓN DE EQUIPAMENTOS CON SISTEMAS FRIGORÍFICOS DE CALQUERA CARGA DE REFRIXERANTES FLUORADOS**

Poderase obter por algunha das seguintes vías:

- a) Curso de formación co contido do Programa Formativo 1 + posesión de:
  - Certificado de profesionalidade de Frigorista (R.D. 942/1997).
  - Certificado de profesionalidade de Mantedor de Aire Acondicionado e Fluídos (R.D. 335/1997).
  - Certificado de profesionalidade de Mantemento de Electrodomésticos (R.D. 616/2013).
  - Carné profesional de instalacións térmicas en edificios (R.D. 1027/2007) ou carné profesional de instalador/a mantedor/a de climatización (R.D. 1751/1998).
  - Técnico en Montaxe e mantemento de frío, climatización e produción de calor (R.D. 2046/1995).
  - Técnico superior en Mantemento e montaxe de instalacións de edificio e proceso (R.D. 2044/1995).
- b) Curso de formación cos contidos dos Programas Formativos 1 e 2 + experiencia anterior de polo menos 2 anos en empresas habilitadas polo RSIF ou RITE.
- c) Curso de formación co contido do Programa Formativo 1 + proba teórico-práctica de coñecementos sobre os contidos do Programa Formativo 2 + experiencia de polo menos de 5 anos en empresas habilitadas polo RSIF ou RITE.
- d) Estar en posesión dun dos seguintes certificados de profesionalidade:
  - Certificado de profesionalidade de Montaxe e Mantemento de Instalacións Frigoríficas ( R.D. 1375/2009).
  - Certificado de profesionalidade de Montaxe e Mantemento de Instalacións de Climatización, Ventilación-Extracción (R.D. 1375/2009).

**2. CERTIFICADO ACREDITATIVO DA COMPETENCIA PARA A MANIPULACIÓN DE EQUIPAMENTOS CON SISTEMAS FRIGORÍFICOS DE CARGA DE REFRIXERANTE INFERIOR A 3 KG DE GASES FLUORADOS**

Poderase obter por algunha das seguintes vías:

- a) Curso de formación co contido do Programa Formativo 3 + experiencia anterior de polo menos 2 anos en materia de instalacións de refrixeración e aire acondicionado.
- b) Curso de formación co contido do Programa Formativo 3.A + proba teórico-práctica de coñecementos sobre os contidos do Programa Formativo 3.B + experiencia de polo menos de 5 anos en materia de instalacións de refrixeración e aire acondicionado.
- c) Curso de formación co contido do Programa Formativo 4.
- d) Estar en posesión dun dos seguintes certificados de profesionalidade:
  - Certificado de profesionalidade de Frigorista (R.D. 942/1997).
  - Certificado de profesionalidade de Mantedor de Aire Acondicionado e Fluídos (R.D. 335/1997).
  - Certificado de profesionalidade de Mantemento de Electrodomésticos (R.D. 616/2013).

**3. CERTIFICADO ACREDITATIVO DA COMPETENCIA PARA A MANIPULACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE TRANSPORTE REFRIXERADO DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CARGA DE REFRIXERANTES FLUORADOS.**

Poderase obter por algunha das seguintes vías:

- a) Cursos de formación cos contidos dos Programas Formativos 1 e 2 + experiencia anterior de polo menos 2 anos en empresas dedicadas ao mantemento e reparación de aplicacións non fixas de vehículos dedicados ao transporte refrixerado.
- b) Curso de formación co contido do Programa Formativo 1 + proba teórico-práctica de coñecementos sobre os contidos do Programa Formativo 2 + experiencia anterior de polo menos 5 anos en empresas dedicadas ao mantemento e reparación de aplicacións non fixas de vehículos dedicados ao transporte refrixerado.

**4. CERTIFICADO ACREDITATIVO DA COMPETENCIA PARA A MANIPULACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE TRANSPORTE REFRIXERADO DE MERCADORÍAS QUE EMPREGUEN MENOS DE 3 KG DE REFRIXERANTES FLUORADOS.**

- a) Curso de formación co contido do Programa Formativo 3.A + proba teórico-práctica de coñecementos sobre os contidos do Programa Formativo 3.B relativo a aplicacións non fixas de vehículos de transporte refrixerado de mercancías.

**5. CERTIFICADO ACREDITATIVO DA COMPETENCIA PARA A MANIPULACIÓN DE SISTEMAS FRIGORÍFICOS QUE EMPREGUEN REFRIXERANTES FLUORADOS DESTINADOS A CONFORT TÉRMICO DE PERSOAS INSTALADOS EN VEHÍCULOS.**

- a) Acreditación de ter superado un curso de formación co contido do Programa Formativo 5.

**6. CERTIFICADO ACREDITATIVO DA COMPETENCIA PARA A MANIPULACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS QUE EMPREGUEN GASES FLUORADOS COMO AXENTE EXTINTOR.**

- a) Acreditación de ter superado un curso de formación co contido do Programa Formativo 6.

**7. CERTIFICADO ACREDITATIVO DA COMPETENCIA PARA A MANIPULACIÓN DE DISOLVENTES QUE CONTEÑAN GASES FLUORADOS E EQUIPAMENTOS QUE OS EMPREGAN.**

- a) Acreditación de ter superado un curso de formación co contido do Programa Formativo 7.

**8. CERTIFICADO ACREDITATIVO DA COMPETENCIA PARA A MANIPULACIÓN DE CONMUTADORES ELÉCTRICOS FIXOS QUE CONTEÑAN GASES FLUORADOS DE EFECTO INVERNADORA.**

- a) Acreditación de ter superado un curso de formación co contido do Programa Formativo 8.

**NOTAS:**

\*A xustificación da experiencia debe realizarse presentando a vida laboral acompañada de contratos de traballo ou unha certificación da empresa/s onde traballase, certificando dita experiencia.